

Muíño de Marea
Pozo do Cachón
Concello de Muros

DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

CONCELLO DE MUROS
Curro da praza, 1
15250 Muros - A Coruña
981 826 050 · turismo@muros.es

O MUÍÑO DE MAREA DO POZO DO CACHÓN

O Muíño de Marea do Pozo do Cachón, tamén coñecido como A Ponte dos Muíños, constitúe unha magnífica obra de enxeñería que data da 2ª década do século XIX, sendo o muíño máis grande de Galicia e un dos máis importantes de Europa.

O edificio mide 22,5 m de longo e 7 m de ancho. Consta de dúas plantas, na baixa atópanse as seis entradas de auga coas súas comportas, e na planta de arriba atópanse as pedras de moer, unha lareira e a vivenda do muiñeiro.

Ignacio Pérez Bazarra foi o propietario inicial, quen mandou construír o edificio enriba dunhas terras cedidas polos mareantes da vila, idea que lle xurdiu por resultar insuficientes os muíños de río existentes, debido ó incremento no século XVIII do cultivo de millo e á diminución do caudal dos ríos durante o verán.

A finais do século XIX pasou a mans doutro propietario, Abelardo Dubert Siaba, quen construíu o edificio anexo, dedicado primeiro a serradoiro e pasando a ser no 1914 unha casa de baños, coñecida como os “Baños de Santa Rita”, especializada no tratamento de enfermidades de tipo reumático con auga do mar e algas mariñas.

Entre os anos 50 e 70 o edificio abandonouse, primeiro o muíño debido á diminución do consumo de fariña de millo e á aparición de muíños eléctricos; e logo a casa de baños que se converteu nun almacén de gran e aparellos de pesca, sendo completamente abandonada nos anos 70.

As obras de rehabilitación leváronse a cabo entre 1990 e 1994, a mans do arquitecto D. Jesús Anaya Díaz, pero pouco despois da finalización destas, en novembro dese ano, unha riada destrúe parte do muíño e leva por diante unha das pontes, polo que tiveron que proseguir coas obras de reconstrución, que remataron no 1999.

Na actualidade ten a función de Centro Cívico e Cultural, dividido en dúas partes, por un lado pódese visitar o que foi o antigo muíño (centro de interpretación de muíños da Costa da Morte) e por outro lado o edificio anexo, que ten a función de sala de exposicións temporais.

Nas inmediacións pódese gozar dunha área recreativa que conecta co edificio a través de catro pontes de madeira, na que a xente da parroquia de Serres celebra as súas festas patronais.



MOLINO DE MAREA DEL POZO DEL CACHÓN

El Molino de Marea del Pozo del Cachón, también conocido como A Ponte dos Muíños, constituye una magnífica obra de ingeniería que data de la 2ª década del siglo XIX, siendo el molino más grande de Galicia y uno de los más importantes de Europa.

El edificio mide 22,5 m de largo y 7 m de ancho. Consta de dos plantas, en la baja se encuentran las seis entradas de agua con sus compuertas, y en la planta de arriba se encuentran las piedras de moler, una lareira y la vivienda del molinero.

Ignacio Pérez Bazarra fue el propietario inicial, quien mandó construir el edificio en unas tierras cedidas por los mareantes de la villa, idea que le surgió por resultar insuficientes los molinos de río existentes, debido al incremento en el siglo XVIII del cultivo de maíz y a la merma del caudal de los ríos durante el verano.

A finales del siglo XIX pasó a manos de otro propietario, Abelardo Dubert Siaba, quien construyó el edificio anexo, dedicado primero a aserradero y pasando a ser en el 1914 una casa de baños, conocida como los Baños de Santa Rita, especializada en el tratamiento de enfermedades de tipo reumático con agua del mar y algas marinas.

Entre los años 50 y 70 el edificio se abandonó, primero el molino debido a la merma en el consumo de harina de maíz y a la aparición de molinos eléctricos; y luego la casa de baños que se convirtió en un almacén de grano y aparatos de pesca, siendo completamente abandonada en los años 70.

Las obras de rehabilitación se llevaron a cabo entre 1990 y 1994, por el arquitecto D. Jesús Anaya Díaz, pero poco después de la finalización de estas, en noviembre de ese mismo año, una riada destruye parte del molino y lleva por delante una de los puentes, por lo que tuvieron que proseguir con las obras de reconstrucción, que terminaron en el 1999.

En la actualidad tiene la función de Centro Cívico y Cultural, dividido en dos partes, por un lado se puede visitar lo que fue el antiguo molino (centro de interpretación de molinos) y por otro lado el edificio anexo, que tiene la función de sala de exposiciones.

En las cercanías se puede disfrutar de una zona recreativa que conecta con el edificio a través de cuatro puentes de madera, en la que la gente de la parroquia de Serres celebra sus fiestas patronales.